



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

2024/25

ÍNDICE

- 1. Criterios para determinar a lingua predominante na contorna.**
- 2. Determinación do punto de partida sociolingüístico do Centro: indicador global (IG) e índices sectoriais.**
- 3. Medidas académicas que se van levar a cabo para a consecución dunha competencia lingüística semellante en galego e en castelán.**
 - 3.1. Materias do currículo que se imparten en lingua galega.**
 - 3.2. Estratexias didácticas xerais relacionadas co uso das linguas no ámbito docente.**
 - 3.3. Medidas de apoio e reforzo adoptadas para conseguir un correcto uso lingüístico escolar e educativo, dirixidas a alcanzar o obxectivo xeral establecido na LNL e na LOE de fomento do plurilingüismo.**
 - 3.4. Medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.**
- 4. Actividades de dinamización sociolingüística do Centro.**
 - 4.1. Determinación das necesidades dinamizadoras en función do indicador global (IG).**
 - 4.2. Determinación das liñas estratéxicas de actuación.**
 - 4.3. Actividades periódicas e puntuais que se prevé desenvolver.**
- 5. Obxectivos xerais**

6. Liñas de actuación para o fomento da Lingua Galega

1. Criterios para determinar a lingua predominante no contorno.

O estudo da realidade sociolingüística dende distintos ámbitos:

- Contexto sociolingüístico do Centro.
- Situación do profesorado.
- Situación do alumnado.
- Ambientalidade lingüística do Centro.
- O mapa sociolingüístico de Galicia (MSG). Real Academia Galega.
- Plan xeral de Normalización da lingua galega. Sector 2. Educación, Familia e Mocidade.
- Información aportada polas familias (enquisas, entrevistas, etc.)

2. Determinación do punto de partida sociolingüístico do Centro: indicador global (IG) e índices sectoriais.

Os datos obtidos dos índices sectoriais cómpre analizalos e comentalos:

- En canto ao contexto sociolingüístico do Centro vemos que está situado nun contorno no que predomina o castelán. É no núcleo familiar onde aparece unha elevada porcentaxe do castelán como lingua de relación entre pais e fillos, non tan intensa entre pais e avós, avós con avós, con veciños...
- En canto á dispoñibilidade do profesorado, vemos que hai unha actitude favorable ao ensino do galego. Convén seguir potenciando o uso da lingua galega e realizar actividades en pro da súa dinamización.
- O resultado da enquisa realizadas aos pais e nais dos alumnos novos de Educación Infantil acerca de lingua vehicular empregada na casa e a lingua de preferencia na educación dos seus fillos, mostrou que o castelán é a lingua maioritaria
- En canto á situación do alumnado, vemos que a lingua usada maioritariamente é o castelán. En canto ao grao de competencia curricular acádase un nivel aceptable porque hai unha obriga de adquirir uns contidos facendo uso da lingua galega. Pero isto non conleva ao emprego da lingua dunha maneira normalizada. Noutros contextos fóra da escola, non ven a necesidade de usala: nos seus xogos, na rúa, nas conversas entre eles...

A escola non ten apoio fóra, os medios de comunicación social non favorecen en absoluto o

PROXECTO LINGÜÍSTICO HIJAS DE JESÚS

uso normal da lingua, sobre todo no que se refire á linguaxe oral máis que á linguaxe escrita.

- En canto á ambientalidade lingüística do Centro, o galego está presente en diferentes actividades e na decoración do espazo.

Hai unha inqueda constante por parte dos membros do EDL por proporcionar axuda, colaboración, motivación e velar pola utilización da lingua galega.

Como conclusión, ante esta situación o **IG** sae **predominio do castelán**.

3. Medidas académicas que se van levar a cabo para a consecución dunha competencia lingüística semellante en galego e en castelán.

3.1. Materias do currículo que se imparten en lingua galega (distribución horaria en E. Primaria)

EDUCACIÓN INFANTIL

LINGUA VEHICULAR	3 ANOS				4 ANOS				5 ANOS			
	A	B	C	D	A	B	C	D	A	B	C	D
Galego												
Castelán	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Aténdese a introducir a lingua galego de forma transversal en tódalas áreas e sen lugar a dúbidas a través de cancións, poesías, contos, e datas de importancia.

Impártese a área de Psicomotricidade e Música en galego.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º EP	Matemáticas	Lingua Galega	Lingua Castelá	CC Sociais	CC Naturais	Relixión	EF	Música	Plástica	Lingua Estranxeira	Xadrez	Proxecto	Total
Galego		4		2	3								9
Castelán	5		4			1+1					1		12

PROXECTO LINGÜÍSTICO HIJAS DE JESÚS

Inglés							2	1	1	2+1		2	9
--------	--	--	--	--	--	--	---	---	---	-----	--	---	---

2º EP	Matemáticas	Lingua Galega	Lingua Castelá	CC Sociais	CC Naturais	Relixión	EF	Música	Plástica	Lingua Estranxeira	Xadrez	Proxecto	Total
Galego		4		3	2						1		9
Castelán	5		4			1+1							12
Inglés							2	1	1	2+1		2	9

3º EP	Matemáticas	Lingua Galega	Lingua Castelá	CC Sociais	CC Naturais	Relixión	EF	Música	Plástica	Lingua Estranxeira	Xadrez	Proxecto	Total
Galego		4		2	3						1		9
Castelán	4		4			1+1							11
Inglés							2	1	1	3+1		2	10

4º EP	Matemáticas	Lingua Galega	Lingua Castelá	CC Sociais	CC Naturais	Relixión	EF	Música	Plástica	Lingua Estranxeira	Xadrez	Proxecto	Total
Galego		4		3	2							2	11
Castelán	4		4			1+1					1		11

PROXECTO LINGÜÍSTICO HIJAS DE JESÚS

Inglés							2	1	1	3+1			8
--------	--	--	--	--	--	--	---	---	---	-----	--	--	---

5° EP	Matemáticas	Lingua Galega	Lingua Castelá	CC Sociais	CC Naturais	Relixión	EF	Música	Plástica	Lingua Estranxeira	Xadrez	Proxecto	Total
Galego		4		2	3	1+1							11
Castelán	4		4								1		9
Inglés							2	1	1	3+1		2	10

6° EP	Matemáticas	Lingua Galega	Lingua Castelá	CC Sociais	CC Naturais	Relixión	EF	Música	Plástica	Lingua Estranxeira	Valores	Xadrez	Proxecto	Total
Galego		4		2	2	1+1							2	12
Castelán	4		4							1	1			10
Inglés							2	1	1	3+1				8

Idioma	Número
Galego	63
Castelán	63
Inglés	54

TOTAL	180
-------	-----

BEDA - Nivel 3 - BILINGUAL EXCELLENCE MODEL:

- Ambiente bilingüe plenamente integrado.
- Metodoloxías innovadoras.
- Alta cualificación do profesorado na lingua extranxeira: inglés.
- Niveles altos nos títulos de Cambridge Certificate.
- Participación en convocatorias europeas, intercambios, cursos no extranjero ou inmersións lingüísticas.

3.2. Estratexias didácticas xerais relacionadas co uso das linguas no ámbito docente.

Podemos sintetizar os principios ou orientacións metodolóxicas/didácticas da seguinte forma:

- a) Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren este nivel de desenvolvemento.
- b) Sulíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das materias.
- c) Dáselle prioridade á **comprensión** dos contidos que se traballan fronte á súa **aprendizaxe mecánica**.
- d) Propíciense oportunidades para pór en práctica os novos coñecementos, de xeito que o alumno poida comprobar o **interese** e a **utilidade** do aprendido.

PROXECTO LINGÜÍSTICO HIJAS DE JESÚS

- e) Foméntase a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de **aprender de forma autónoma**.

En coherencia co exposto, o tratamento que se lle dá ás linguas desde a nosa práctica educativa baséase no seguinte:

- Consideramos a Lingua e Literatura como unha materia integradora e necesariamente multidisciplinar de currículo aberto, flexible, equilibrado e realista.
- Promovemos unha aprendizaxe: personalizada, partindo dos coñecementos previos do alumno/a.

Significativa: sendo o alumno o que constrúa os seus propios coñecementos, interiorizando as diferentes experiencias e estratexias para profundizar e desenvolver os seus coñecementos.

Funcional: o aprendido maniféstase en situacións reais de comunicación.

- Traballamos a Lingua desde o seu uso e reflexionamos sobre feitos concretos de comunicación.
- Fomentamos no alumno o desenvolvemento das estratexias que lle permitan unha expresión persoal completa dos seus pensamentos e a comprensión dos pensamentos dos demais.
- Os profesores somos promotores do desenvolvemento das estratexias que lle permitan unha expresión persoal completa dos seus pensamentos e a comprensión dos pensamentos dos demais.
- As nosas estratexias de aprendizaxe son o suficientemente flexibles para que se poidan

PROXECTO LINGÜÍSTICO HIJAS DE JESÚS

adaptar á diversidade de niveis, intereses e habilidades dos alumnos.

- Traballamos de cara á eliminación de prexuízos sobre as linguas e as variedades xeográficas e sociais das mesmas, potenciando o coñecemento e aprecio da pluralidade lingüística como un patrimonio da humanidade.
- Valoramos as linguas como instrumentos cognitivos, medios de comunicación privilexiados e elementos configuradores da identidade persoal e colectiva.
- Atendemos de forma especial ás interferencias lingüísticas entre o galego e o castelán, axudando aos alumnos a ser conscientes desta realidade e a que se esforcen en correxila e evitala.
- As actividades de comunicación parten da realidade afectiva e social dos alumnos.
- Traballamos dun modo progresivo as diversas estratexias de comunicación: conversa, debate, exposición, dramatización, evitando tanto a inhibición como a verborrea.

3.3. Medidas de apoio e reforzo adoptadas para conseguir un correcto uso lingüístico escolar e educativo, dirixidas a alcanzar o obxectivo xeral establecido na LNL e na LOE de fomento do plurilingüismo.

Ademais das medidas lexisladas no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25-5-2010), desde o noso Centro potenciamos:

- A sensibilidade cara á calidade dos textos propios e alleos en lingua galega, en lingua castelá e en linguas estranxeiras como medio para asegurar unha comunicación fluída e clara.
- O respecto polas normas básicas da lingua galega, da castelá e das linguas estranxeiras.
- A valoración da lingua galega como produto e proceso sociocultural e como vehículo de transmisión e creación cultural en Galicia.

PROXECTO LINGÜÍSTICO HIJAS DE JESÚS

- A utilización das linguas para tomar conciencia dos coñecementos, as ideas e os sentimentos propios e para regular a propia conduta.
- A valoración crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación social e a publicidade en Galicia, mostrando especial sensibilidade cara ás que supoñen unha discriminación social, sexual, racial, etc.
- A valoración crítica dos prexuízos sexistas na literatura galega, castelá e na das linguas estranxeiras.
- A participación activa, utilizando as linguas en situacións de comunicación propias do ámbito académico, especialmente na petición de aclaracións ante unha instrución, en propostas sobre o modo de organizar as tarefas, na descrición de secuencias sinxelas de actividades realizadas, no intercambio de opinións e na exposición de conclusións.
- Desenvolvemento de gustos persoais na elección de lecturas de textos en lingua galega, castelá e linguas estranxeiras.
- Actitude de busca de medios comunicativos creativos e persoais en lingua galega, castelá e linguas estranxeiras.
- Interese polo uso das bibliotecas e respecto polas normas que rexen a súa utilización.
- Interese por coñecer e gozar de obras literarias en lingua galega, castelá e linguas estranxeiras.
- Utilización das novas tecnoloxías para a produción, manipulación de textos e tratamento da información en lingua galega, castelá e linguas estranxeiras.
- Sensibilidade estética ante as producións literarias propias e alleas nas distintas linguas, valorando os elementos creativos e innovadores destas.
- Desenvolvemento da autonomía lectora e aprecio pola literatura galega, castelá e pola das linguas estranxeiras como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.
- Funcionamento do Plan Lector. A partir de 1º Ed. Primaria e de xeito sistemático, os alumnos/as len varios libros de lingua castelá, galega e inglés.

3.4. Medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

Dentro do Plan de Orientación recóllense as diferentes medidas de atención á diversidade. Serían

as seguintes:

- **Avaliación Inicial**, a partir da cal detéctanse posibles dificultades, no caso que nos ocupa, nas áreas de linguas.

Cos resultados da avaliación inicial, o profesorado titular da materia prepara os **materiais de reforzo e ampliación** que considere preciso para cada caso.

- **Reforzo educativo/apoio**: Pode ser:

- **dentro da aula**: contemplaría adaptacións relacionadas coa organización do tempo, metodoloxía, agrupamentos, materiais... para o alumno/a con dificultades, neste caso, nas linguas.

Para atender a este alumnado, cóntase co profesorado de apoio.

- Outra posibilidade, dependendo do tipo e grao das dificultades que se presenten, do número de alumnos/as..., é que o alumno/a reciba o apoio **fóra da aula**.
- Apoios específicos cos especialistas en **pedagogía terapéutica e audición e linguaxe**. Estas medidas non son incompatibles. Dependendo dos casos o alumnado pode beneficiarse de máis dunha se se estima necesario e oportuno.

- **Adaptacións Curriculares**: supoñen modificacións substanciais (de obxectivos, contidos e criterios de avaliación) do currículo común, para o alumnado que presente unhas n.e.e. graves.

4. Actividades de dinamización sociolingüística do Centro.

4.1. Determinación das necesidades dinamizadoras en función do indicador global (IG).

Propoñemos as seguintes :

- Consolidar liñas de actuación que permitan darlle ao galego unha vitalidade alta entre a

comunidade escolar.

- Propoñer que sexa un proceso voluntario, non obrigatorio nin impositivo.
- Facer do galego unha lingua de uso normalizado na vida do centro escolar e potenciar que esa ambientalidade lingüística favorable acabe axudando a modificar percepcións e condutas de todos os implicados no proceso educativo.
- Ter en conta os recursos que se poidan achegar desde o Concello e desde outras entidades e organizacións cidadás.
- Avaliar continuamente a posta en práctica das actividades e os seus resultados.

4.2 Determinación das liñas estratéxicas de actuación.

- Accións centradas no uso do galego oral e escrito. Estas medidas van dirixidas a darlle un pulo significativo á visibilidade do galego, co impulso subseguinte á adquisición dunha competencia práctica no idioma e á conformación de actitudes positivas. Trátase de acadar unha visibilidade permanente da lingua galega no Centro, facendo dela unha lingua próxima tanto nas aulas como fóra delas.
- Facer unha valoración positiva do uso da lingua galega entre os membros da comunidade educativa. A competencia comunicativa do profesorado e dun sector pequeno do alumnado é boa, ou cando menos, aceptable. Non obstante, esa competencia, ás veces, non ten a correspondencia na práctica: unha porcentaxe coñece o galego, pero non o fala.

4.3 Actividades periódicas e puntuais que se prevé desenvolver.

Desde o Colexio organízanse as seguintes actividades:

Celebrar as festas tradicionais do noso contorno e tamén da nosa comunidade, propias da nosa riqueza cultural: magosto, entroido, ...

- Participar no premio literario “Frei Martín Sarmiento”, organizado polo E.D.L.- F.E.R.E.G.A. coa lectura de libros en galego.
- Organizar, planificar e celebrar o Día das Letras Galegas. Elaborar traballos de investigación acerca da razón de ser dese día e sobre o/a autor/a homenaxeado/ a.

PROXECTO LINGÜÍSTICO HIJAS DE JESÚS

- Celebrar o Nadal con panxoliñas, bailes, teatros e dramatizacións en galego.
- Emprego do galego nas megafonías realizadas no centro.
- Recuperar os xogos tradicionais da nosa zona e poñelos en práctica.
- Empregar o bilingüismo galego-castelán nas interaccións coas familias: comunicados-circulares.
- Dotar a biblioteca do Centro e a da aula con material en galego: revistas, libros, publicacións...
- Ter en conta a lingua galega na utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TICS).
- Dotar o Centro de materiais audiovisuais.
- Recompilar material informático que axude ao profesorado a traballar en galego: tradutor, corrector, ferramentas informáticas...
- Manter unha colaboración aberta e participativa co Concello nos movementos de participación relacionados coas actividades complementarias.
- Colaborar e participar en actividades conxuntas cos distintos colexios da zona.

5. Obxectivos xerais e liñas de actuación para o fomento da Lingua Galega

- Lograr que o ensino do galego garanta unha competencia plena no idioma e repercuta de forma efectiva na súa aplicación como lingua habitual por parte do noso alumnado.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental, e dándolle protagonismo á oralidade.
- Acadar un maior uso do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que

capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

6. Liñas de actuación para o fomento da lingua galega:

Semana das Letras Galegas:

Ao inicio da semana farase un pregón no patio central, izarase a bandeira galega e cantarase o himno galego. Animarase aos nenos a vir vestidos cos traxes tradicionais galegos. Tentarase traer algun gaiteiro ou grupo de música tradicional para amenizar o acto.

Realizaranse representacións teatrais por compañías profesionais de teatro en galego.

Manterase a proxección de películas actuais en lingua galega.

Decoraranse os corredores de todos os ciclos e o colexio en xeral como se viña facendo actualmente.

En Infantil realizarase unha paleta propia da cultura e tradición galega, traballando o autor a que estén adicadas ese ano.

Exposición de cruceiros, pallozas por parte do 1º ciclo.

No 2º e 3º Ciclo intentarase facer unha exposición dalgún tema relacionado coa cultura galega (concretarase o tema máis adiante)

Farase unha exposición conxunta na zona das oficinas.

Promocionarase a realización dalgunha actuación musical ou teatral por parte dos alumnos.

Premio Frei Martín Sarmiento:

Intentaremos que participen a maior parte de alumnos posible. Temos que ser consciente de que somos parte do xurado, polo tanto intentaremos ser imparciais e deixar que os alumnos sexan os protagonistas.

No 1º e 2º Ciclo seguirase lendo nas clases.

No 3º Ciclo intentarase captar aos rapaces que estean interesados na lectura, deixando ben claro que é unha actividade totalmente voluntaria e que non vai ser avaliada nin premiada. Un dos libros participantes vaise poñer como libro obrigatorio de lectura para o momento lector de 5º e outro para o de 6º.

Festa da Lingua.

Participaremos na festa da lingua organizada polo Equipo de Dinamización Lingüística da FEREGA. Queda por decidir que alumnos participarán.

Magosto

PROXECTO LINGÜÍSTICO HIJAS DE JESÚS

Farase a megafonía polos membros do equipo pertencentes ao 1º ciclo.

Repartirase unha información sobre o tema.

Educación Infantil fará o magosto cos seus alumnos.

Os mestres festexarémolo asando unhas castañas na 1ª quincena de novembro.

Entroido

Farase a megafonía polos membros do equipo asignado este curso.

Repartirase unha información sobre o tema.

Hai unha degustación de produtos típicos destas datas, exposicións de carautas e receitas típicas.

Disfraces das comparsas que desfilarán e desfrutarán da cultura galega do entroido.

Teatro en galego.

Solicitamos a obra de teatro en galego á ANPA.

Biblioteca

Faremos unha vez por trimestre un contacontos en galego para infantil en colaboración co responsable da biblioteca do centro.